


## 1.- Acceso á aula virtual

A aula virtual dun centro educativo dentro do proxecto Webs Dinámicas ten un enderezo web do tipo: [https://www.edu.xunta.gal/centros/nome\\_do\\_centro/aulavirtual](https://www.edu.xunta.gal/centros/nome_do_centro/aulavirtual), onde "nome\_do\_centro" corresponde á denominación de cada centro educativo. Tamén, para facilitar o acceso, a páxina web de cada centro leva incorporado un enlace preconfigurado na cabeceira á Aula Virtual.

## 2.- Inicio de sesión

Unha vez visualizada a aula virtual no navegador, para acceder á mesma hai que pinchar sobre o botón [Acceder](#) localizado na parte superior dereita da pantalla como se pode ver na seguinte imaxe.



Entón aparece o formulario para introducir o nome de usuario e [contrasinal](#). No caso de ter esquecido o [contrasinal](#) este mesmo [formulario](#) ofrece a posibilidade de recordalo premendo en *Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?* que nos remitirá a unha páxina coas instrucións para recuperar o contrasinal.

Tamén podemos iniciar a sesión como *convidado* para ver os cursos que permitan este tipo de acceso, pero deste xeito nunca poderemos participar activamente neles.

The image shows a login form titled "Acceder". It contains two input fields for "Nome de usuario" and "Contrasinal". Below these is a checkbox labeled "Lembrar o nome de usuario". A button labeled "Acceder" is positioned below the checkbox. Underneath the button is a blue link: "Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?". Below that is a message: "Debe ter as cookies activadas no seu navegador" followed by a question mark icon. At the bottom, there is a note: "Algúns cursos permiten o acceso a convidados" and a button labeled "Acceder como convidado".

### 3.- Autorexistro

Para poder acceder é preciso estar **rexistrado** previamente como usuario da aula virtual; este rexistro o fan, habitualmente, os administradores da aula virtual, pero tamén temos a opción de autorexistrarnos sempre que esta posibilidade sexa activada no sitio.

Se o autorexistro está activado, no formulario de inicio de sesión anterior, aparece un bloque con instrucións (**É esta a súa primeira vez aquí?**) e un botón "**Crear unha nova conta**" no que pulsaremos para rexistrarnos na aula virtual.

Para poder rexistrarse na aula virtual deste xeito **é preciso dispoñer dunha conta de correo electrónico**. Este sistema só debe ser empregado polo profesorado dos centros e polo alumnado maior de 14 anos que dispoña, como dicimos, dunha conta de correo electrónico.

The image shows a message box with the heading "É esta a súa primeira vez aquí?". Below the heading is the text: "Para o acceso total a este sitio, primeiro cómpre crear unha conta." At the bottom of the box is a button labeled "Crear unha nova conta".

Cando pulsemos no botón "Crear unha nova conta" aparece o seguinte formulario no que debemos **introducir os datos que se piden**:

## Nova conta

### ▼ Escolla o seu nome de usuario e o contrasinal

Nome de usuario \* xoseperez ← xoseperez@edu.xunta.gal

Contrasinal \* ●●●●●●

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 díxito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando m



### ▼ Máis detalles

Enderezo de correo \* xoseperez@edu.xunta.gal

Correo (de novo) \* xoseperez@edu.xunta.gal

Nome \* Xosé

Apellido \* Pérez Castro

Cidade/Vila Fistera

País España

Pregunta de seguridade ⓘ



Non son un robot



reCAPTCHA

[Privacidade](#) • [Condições](#)

Crear unha nova conta miña

Cancelar

Como se indica, todos os campos marcados con \* hai que cubrilos obrigatoriamente:

- Nome de usuario ---> é o identificador que imos a usar para entrar na aula virtual.
  - Para o **profesorado** recoméndase usar o mesmo que do correo corporativo (o que vai antes de @edu.xunta.gal) xa que non se vai repetir entre todo o profesorado do centro.
  - Para o **alumnado** recoméndase establecer algunha norma que minimize as coincidencias. Unha proposta de norma podería ser:

1.

1. Utiliza en primeiro lugar o nome de usuario do correo que vas utilizar para darte de alta.

2. Se o anterior xa existe ou como alternativa utiliza o nome de pila e primeiro apelido separados por un punto. Por exemplo xose.perez
  3. Se o anterior xa existe engádelle o segundo apelido. Por exemplo xose.perez.castro
  4. Se o anterior xa existe engádelle o ano de nacemento.
- Contraseñal ---> o contraseñal é secreto e persoal. Debe cumprir cos requisitos que se indican no formulario. O administrador da aula virtual pode modificar estes requisitos.
  - Enderezo de correo ---> temos que inserir unha dirección válida de correo electrónico (O alumnado ten que ter máis de 14 anos para poder dispoñer dunha conta de correo electrónico).
  - Repetir correo electrónico ---> temos que volver a repetir a dirección posta no apartado anterior.
  - Nome ---> poñeremos o noso nome de pila
  - Apelido ---> aquí indicamos os nosos apelidos.
  - Cidade/Vila ---> indicamos a nosa cidade, este campo non é de carácter obrigatorio; pódese deixar en branco.
  - País ---> indicamos o noso país, por defecto xa aparece España.

Debemos premer en "**Non son un robot**" e responder ao desafío que se plantexa.

Por último prememos en "**Crear unha nova conta miña**".

Se o nome de usuario ou o correo electrónico introducidos xa está rexistrado, o rexistro será rexeitado e deberemos modificar o dato repetido. No caso de que estea repetido o nome de usuario, normalmente será porque outra persoa xa se rexistrou con el e simplemente debemos seguir a norma establecida para poñer un nome distinto. No caso de que estea repetido o correo electrónico, debería significar que en realidade xa estamos rexistrados, xa que ningunha outra persoa debería ter feito o rexistro coa nosa conta de correo.

Se os datos son correctos, o sistema enviará unha mensaxe de correo electrónico á conta que se utilizou para este rexistro con instrucións e un enlace para validar o rexistro e poder entón entrar na aula virtual.